



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

### **CONVOCATORIA DE BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA A AULA NET DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA**

A Escola Técnica Superior de Arquitectura en colaboración coa Vicerreitoría de Estudantes da Universidade da Coruña, convoca **dúas (2) bolsas de colaboración para a Aula Net** en réxime de concorrencia competitiva. A presente convocatoria axústase ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións; Bases de execución do orzamento da Universidade da Coruña para o exercicio 2007, en canto resulte de aplicación; a Lei xeral orzamentaria e o Regulamento de bolsas da UDC, aprobado en Consello de Goberno do 27 de setembro de 2007.

#### **1.- OBXECTO DAS AXUDAS.**

Cubrir as necesidades de atención, asesoramento e control **da Aula Net** da Escola Técnica Superior de Arquitectura coa finalidade de garantir o uso axeitado dos equipos.

#### **2.- CONDICIÓN DOS SOLICITANTES. FORMA E PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

- 2.1.- Estar matriculado en **1º ou 2º ciclo** nos centros propios da Universidade da Coruña.
- 2.2.- Ter aprobados, no momento de solicitar a bolsa, un mínimo de 45 créditos en plans novos ou tres materias en plans vellos.
- 2.3.- Só se poderá solicitar bolsa de colaboración para a Aula Net do Centro onde cursen os seus estudos.
- 2.4.- As solicitudes presentaranse na secretaría do Centro no modelo do ANEXO I, xunto coa documentación acreditativa dos méritos requiridos.

Consonte ao Regulamento de bolsas da UDC, non poderán ser adxudicatarios destas bolsas os estudantes que xa se beneficiasen delas en anteriores convocatorias.

O prazo de presentación das ditas solicitudes, será o comprendido entre **o día 26 de novembro de 2007 ata ás 14:00 horas do día 5 de decembro de 2007.**

#### **3.- CRITERIOS E PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DOS ADXUDICATARIOS.**

Os criterios de outorgamento da bolsa serán os resultantes de puntuar os méritos que concorran e presenten os solicitantes que cumpran os requisitos para presentarse á convocatoria, polo que xunto coa instancia persoal, os alumnos achegarán:

- 3.1.- Unha copia do impreso de pago das taxas de matrícula do presente curso 2007/2008.
- 3.2.- Unha copia do expediente académico coas súas cualificacións.
- 3.3.- O currículo cos méritos que estimen oportunos, especialmente os que fagan referencia aos coñecementos informáticos. Estes méritos deberán acreditarse documentalmente.

Os actos derivados da presente convocatoria faranse públicos no taboleiro de anuncios do Centro. A Comisión elaborará unha lista priorizada dos adxudicatarios das bolsas, así como dos suplentes, que se expoñerá no taboleiro do Centro o día 13 de decembro de 2007. Os solicitantes poderán presentar as posibles reclamacións ante a Comisión ata ás 14:00 horas do día 19 de decembro de 2007. Rematado este prazo e avaliadas as reclamacións, o día 21 de decembro de 2007 farase pública a relación definitiva de adxudicatarios e de suplentes.

#### **4.- DOTACIÓN ECONÓMICA E FINANCIAMENTO.**

- 4.1.- A Dotación económica de cada bolsa é de 3.000 euros, repartidos en doce pagos mensuais de 250 euros brutos.
- 4.2.- O financiamento farase con cargo á partida orzamentaria do propio Centro que convoca denominada: **BOLSAS ATENCIÓN AO ESTUDANTE- AULAS NET-** (480.03.00).
- 4.3.- Ao importe bruto da bolsa seralle de aplicación o previsto no artigo 16 do Real decreto lexislativo 3/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas.
- 4.4.- O pagamento efectuarase con referencia á situación do dereito do bolseiro ao último día do mes que corresponda.
- 4.5.- Estas bolsas están sometidas á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

#### **5.- PERÍODO DE DURACIÓN E CONDICIÓNS.**

- 5.1.- A axuda terá unha duración **de doce meses**, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2008.
- 5.2.- Se é o caso de que algún dos bolseiros decaia no seu dereito, o órgano competente para a súa concesión poderá propoñer ao suplente que figure con maior puntuación na lista confeccionada conforme ó punto 10 desta convocatoria.
- 5.3.-A dedicación será de 12,5 horas semanais, a razón de 2,5 horas diarias, de luns a venres, de acordo co horario fixado pola Dirección do Centro, dentro da banda horaria de 9.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 21.00 horas. En ningún caso os horarios dos bolseiros poderán solaparse.

#### **6.- ÓRGANOS COMPETENTES.**

A Comisión de Selección, nomeada pola Dirección do Centro, avaliará os expedientes dos estudantes, así como a experiencia e coñecementos acreditados de informática.

#### **7.- OBRIGAS DOS SELECCIONADOS.**

Os bolseiros seleccionados realizarán as tarefas que lles encomende a Dirección do Centro relacionadas co funcionamento da Aula Net.

#### **8.- NATUREZA DA RELACIÓN CO BOLSEIRO E INTERRUPCIÓN DA BOLSA.**

8.1.- Os bolseiros seleccionados non adquiren ningunha relación laboral nin administrativa, ou estatutaria coa Universidade da Coruña, nin implica compromiso en canto á posterior incorporación do interesado ao cadro de persoal desta.

8.2.- Perderán o seu dereito á percepción da bolsa se, despois de concedida, non realizaran as tarefas encomendadas, ou o fixeran con notoria deficiencia, a xuízo da Dirección do Centro, na que deberá ser oído o estudante. Tamén perderán o seu dereito no caso de que o estudante deixara de ter vinculación co Centro. Nestes casos, a Dirección do Centro resolverá a adxudicación da bolsa seguindo a lista priorizada de suplentes.

## **9.- INCOMPATIBILIDADES.**

Estas bolsas serán incompatibles co disfrute doutras bolsas ou axudas da Universidade da Coruña ou doutra institución, da mesma natureza e ámbito público ou privado.

## **10.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.**

As bolsas concederanse mediante resolución administrativa do Presidente da Comisión de Selección – o Decano/a ou Director/a do Centro correspondente -, na que se especificarán os candidatos aos que se lles concede a bolsa e os que, en lista ordenada de acordo cos resultados da selección, se considerarán suplentes. Contra esta resolución poderase interpoñer consonte o artigo 114 da Lei 30/1992, recurso de alzada perante o Reitor da Universidade da Coruña.

A Coruña, 23 de novembro de 2007  
O Director

José Manuel Casabella López

## ANEXO I

### SOLICITUDE DE BOLSA DE COLABORACIÓN PARA A AULA NET DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA

PERÍODO XANEIRO-DECEMBRO 2008

NOME: \_\_\_\_\_

ENDEREZO DURANTE O CURSO: \_\_\_\_\_

POBOACIÓN: \_\_\_\_\_ CÓDIGO POSTAL: \_\_\_\_\_

TELÉFONO NA CORUÑA OU FAMILIAR: \_\_\_\_\_

ALUMNO DA ESCOLA/FACULTADE: \_\_\_\_\_

TITULACIÓN: \_\_\_\_\_

A CORUÑA/FERROL, \_\_\_\_\_ DE \_\_\_\_\_ DE 2007

ASDO.: \_\_\_\_\_

#### DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- COPIA DO IMPRESO DE PAGO DAS TAXAS DE MATRICULA.
- COPIA DO EXPEDIENTE ACADÉMICO.
- CURRICULUM VITAE NO QUE CONSTE EXPERIENCIA E COÑECEMENTOS ACREDITADOS DE INFORMÁTICA.

SR DIRECTOR DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA